

A forza que nos fai solidarios é o medo á máis radical soledade e coñecida, no fondo, co temor que os primitivos experimentaban diante dun muro valdeiro de imaxes coñecidas que lle lembrasen a vinculación sua co mundo e co "THEOS".

Pintaban os muros, (inda hoxe sucede cos papeles pintados das habitacións que sofremos) nun intento máxico de conseguir comunicación cos deuses, e, autóxaseme a min, con eles mesmos. Todo isto porque sen dubida xa experimentaban a soledade como opresión.

E así, ó vérense ali reflexados, cantando ou danzando, (ou simplemente ao ver e identificar uns signos e grafismos) falábanse a si mesmos e compraciábase tamén ao atopar sua propia huella na area da praia.

Quen vai quitando conclusións e avanzando no pensamento, dáse conta máis cedo ou máis tarde, que estase quedando soio; millor, esta descubrindo a soledade na que sempre estivo; e xurde nel, naturalmente, sen decatarse, a necesidade física de que os demais lle devolvan a imaxe do seu propio pensamento constituíndo así, grupínos solidarios de radicales-solitarios, nos que podrán "gozarse" nas suas conclusións.

Ao mesmo tempo, está o principio de radical-independencia que tamén suite dentro de si e que o envolve por iso nunha situación contradictoria o que fai que o grupo caiga esmagado moitas veces polas forzas antropocéntricas e antisolidarias.

No acto físico de amarse e cando se ven i experimentan máis claramente os desexos de radical-unión a medida que tamén descubrimos o abismo que nos separa a pesar de tódolos esforzos por salvalo.

Nos íntres que deberan ser de máxima comunicación é cando se manifesta con máis intensidade o principio de disociación (igual que lle sucede á enerxía),

Eu, misos íntres, sempre me podo triste...

Frei